

ACTA NÚMERO: 02/2024

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 11 DE XANEIRO DE 2024.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 11 de xaneiro de 2024 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: Don José Carlos López Campos, Deputado do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG.
- D. Manuel Carramal Silva, Técnico de Administración Xeral da Secretaría.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Dar conta da oferta presentada pola empresa TELEVISION DA MANCOMUNIDADE DO SALNES S.L., para optar á adjudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do servizo de cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024. (Expte.- 2023072077).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa MIRAMEMIRA, S.L. para optar á adjudicación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio da longametraxe de ficción DA TÚA MAN PARA A MIÑA (Expte. 2023065558)*
3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa RETRINCOS, A.I.E. (V44769883) para optar á adjudicación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio da longametraxe de ficción CASTELAO (Expte. 2023065808)*
4. *Proposta de adjudicación mediante procedemento aberto simplificado do servizo de deseño e impartición de formación dirixido as persoas maiores de 50 anos dos concellos de Cuntis, Forcarei, A Illa de Arousa, Moraña e As Neves que as capacite en competencias dixitais no marco do proxecto "Hub para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra" (Expte. 2023047633)*
5. *Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra Mellora da seguridade viaria na E.P. 9702 As Sinas-Vilanova de Arousa, P.Q. 2+200 ao P.Q. 3+000 (Concello de Vilanova de Arousa)" (Expte. 2023056045)*
6. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 9702 As Sinas-Vilanova de Arousa, P.Q. 2+200 ao P.Q. 3+000 (Concello de Vilanova de Arousa)" (Expte. 2023056045)*
7. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a subministración de illas ecolóxicas e dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto DA TUA MAN RURAL II, presentado á convocatoria de axudas 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais financiado polo Ministerios de Industria, Comercio e Turismo no marco do PRTR NEXTGENERATIONEU (Expte. 2023066084)*
8. *Apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a subministración de illas ecolóxicas e dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto DA TUA MAN RURAL II, presentado á convocatoria de axudas 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais financiado polo Ministerios de Industria, Comercio e Turismo no marco do PRTR NEXTGENERATIONEU (Expte. 2023066084)*

FÓRA DA ORDE DO DÍA, e previa declaración da urxencia.



- *Proposta de adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Ensanche e mellora da seguraza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+530 (Concello de Cerdedo-Cotobade)" (Expte. 2023042335).*

Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, participa na reunión a través de videoconferencia e tanto o Presidente como os demais vogais citados asisten de forma presencial.

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG, D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal e Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Televisión da Mancomunidade do Salnés S.L., para optar á adjudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do servizo de cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024. (Expte.- 2023072077).*

Por Resolución Presidencial nº 2023009966 de data 26 de decembro de 2023 aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e por exclusividade, da empresa, Televisión da Mancomunidade do Salnés, S.L. para levar a cabo a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Televisión da Mancomunidade do Salnés, S.L. (B36223600), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produceu o día 27/12/2023.

A empresa Televisión da Mancomunidade do Salnés, S.L. (B36223600), presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe sen IVE	28.925,62 €
IVE 21%	6.074,38 €
Importe total ofertado	35.000,00 €



A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Televisión da Mancomunidade do Salnés, S.L. (B36223600), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024.

2. Dar conta da oferta presentada pola empresa Miramemira, S.L. para optar á adxudicación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio da longametraxe de ficción “Da túa man para a miña” (Expte. 2023065558).

Por Resolución Presidencial nº 2023010011 de data 27 de decembro de 2023 aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e por exclusividade, da empresa, Miramemira, S.L., para o patrocinio da longametraxe de ficción “Da túa man para a miña”.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Miramemira, S.L. (B70366471), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produceu o día 28/12/2023.

A empresa Miramemira, S.L. (B70366471), presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe sen IVE	16.528,93 €
IVE 21%	3.471,02 €
Importe total ofertado	20.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Miramemira, S.L. (B70366471), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024.

3. Dar conta da oferta presentada pola empresa Retrincos, A.I.E. (V44769883) para optar á adxudicación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio da longametraxe de ficción CASTELAO (Expte. 2023065808).

Por Resolución Presidencial nº 2023010010 de data 27 de decembro de 2023 aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen



publicidade e por exclusividade, da empresa, Retrincos, A.I.E. para o patrocinio da longametraxe de ficción “Castelao”.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Retrincos, A.I.E. (V44769883), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produceu o día 28/12/2023.

A empresa Retrincos, A.I.E. (V44769883), presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe sen IVE	20.661,16 €
IVE 21%	4.338,84 €
Importe total ofertado	25.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Retrincos, A.I.E. (V44769883), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio da longametraxe de ficción “Castelao”.

4. Proposta de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do servizo de deseño e impartición de formación dirixido as persoas maiores de 50 anos dos concellos de Cuntis, Forcarei, A Illa de Arousa, Moraña e As Neves que as capacite en competencias dixitais no marco do proxecto “Hub para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra” (Expte. 2023047633).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno, do día 10 de novembro de 2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de deseño e impartición de formación dirixido as persoas maiores de 50 anos dos concellos de Cuntis, Forcarei, A Illa de Arousa, Moraña e As Neves que as capacite en competencias dixitais e lles permita a xeración de contidos audiovisuais e facilite a súa relación coas administracións públicas e a alfabetización dixital en calquera ámbito da súa vida cotiá, no marco do proxecto “Hub para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 10/11/2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.



Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 30 de novembro de 2023, procedeu á apertura electrónica dos sobres A correspondentes a documentación cos criterios avaliados mediante xuízos de valor, acordando a Mesa de Contratación admitir as seguintes empresas:

Lote 1

- Fundación Cibervoluntarios (CIF G84410158)
- Magnafor Qualitas SL CIF B36565679
- Norformación SL CIF B36343218
- Estudios Rafer SL CIF B27239136
- NT for learning SL CIF B15549413

Lote 2

- Gestión del conocimiento SA (CIF A61302196)
- Cinfo Contenidos informativos personalizados SL B15.757.941
- Dicampus SL CIF B-33.872.094

Así mesmo a Mesa acordou trasladar a documentación técnica correspondente aos criterios avaliados mediante xuízos de valor descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Cohesión Social e Xuventude, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Con data 14/12/2023, a Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude emite informe de valoración dos criterios avaliados mediante xuízos de valor con (CSV: 6JPYNQWQMUXJGO3) sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

Lote 1

Empresas	Criterios avaliados mediante xuízos de valor				
	1.- Metodoloxía desenvolvemento servizo (Máx 7 ptos)	2.- Estratexias captación persoas beneficiarias (Máx 7 ptos)	3.- Estratexia permanencia persoas beneficiarias (Max 6 ptos)	4.- Metodoloxía xestión servizo (Max 5 ptos)	Total puntuación criterios mediante xuízos de valor (Max 25 ptos)
Estudios Rafer SL	4,25	5,00	5,00	4,00	18,25
Norformación SL	1,60	3,50	3,50	4,00	12,60
Fundación Cibervoluntarios	0,70	0,50	0,00	1,00	2,20
NT for learning SL	7,00	4,00	5,00	4,00	20,00
Magnafor Qualitas SL	0,00	1,00	0,00	1,00	2,00



Lote 2

Empresas	1.-Metodoloxía edición e produccion de contidos didacticos audiovisuais	2.-Metodoloxía de validación de contidos audiovisuais xerados polo alumnado e influencers	3.- Metodoloxía de xestión do servizo	Total Total puntuación criterios mediante xuízos de valor (Max 25 ptos)
Dicampus SL	4,00	4,00	2,00	10,00
Cinfo Contenidos informativos personalizados SL	8,00	10,00	4,00	22,00
Gestión del conocimiento SL	0,00	0,00	0,00	0,00

A Mesa de Contratación na reunión celebrada o día 21/12/2023 acordou prestar conformidade ás citadas puntuacións e que non se proceda á apertura do sobre "B", correspondente a documentación avaliable mediante criterios automáticos, ao non acadar un mínimo do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas (12,50 puntos) de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares, presentada polas seguintes empresas:

Lote 1:

-Fundación Cibervoluntarios
Magnafor Qualitas SL

Lote 2

Gestión del conocimiento SL
Dicampus SL

A Mesa de contratación na reunión do día 21/12/2023 tamén procedeu a apertura das propostas do sobre "B" correspondentes aos criterios avaliables automaticamente das empresas que acadan un mínimo do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas (12,50 puntos) sendo os valores ofertados os seguintes:

LOTE Nº1

Empresa 1: NT for learning SL

1.- Prezo ofertado:

Importe sen o IVE: 28.175,14 €
IVE (21. %): 5.913,78 €
Importe total ofertado:34.091,92. €

2.- Equipos ofertados adicionais aos mínimos requeridos no prego de prescripcións técnicas:

Nº de kits de equipamento compostos por 5 tablets e 1 portátil (coas características especificadas na cláusula 4.1.3 do PPT ofertadas a maiores do mínimo.	3
--	---



3.- Nº horas adicionais de titoría ofertadas a maiores das mínimas requiridas no prego de prescricións técnicas(20 horas por concello).

Nº de horas adicionais de titoría ofertadas por concello a maiores das mínimas requiridas	20
---	----

4.- Disposición para os equipos informáticos empregados dalgún tipo de etiquetaxe ecolóxica ou certificado que garanta unha baixa incidencia ambiental, tales como a etiqueta ecolóxica da UE (ECOLABEL), de conformidade co Real Decreto 234/2013 de 5 abril, polo que se establecen normas para a aplicación do Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, relativo á etiqueta ecolóxica da Unión Europea, Angel Azul (Blaue Engel), EPEAT, TCO, ou etiquetaxe ecolóxica, no marco das normas UNE-EN ISO 14024 e UNE-EN ISO 14021 ou equivalentes., ata un máximo 5 puntos.

A empresa dispón e achega a etiqueta para todos os equipos ofertados	SI	X
	NON	<input type="checkbox"/>

5.- Organización dun concurso e dotación dun premio a mellor persoa “influencer”.

A empresa comprométese a organización dun concurso á mellor persoa “influencer” dotado cun premio en especie valorado en aprox 250 €	SI	X
	NON	<input type="checkbox"/>

Empresa 2: Estudios Rafer SL

1.- Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	29.066,75 €
IVE (.21 %):	6.104,02 €
Importe total ofertado:	35.170,77 €

2.- Equipos ofertados adicionais aos mínimos requiridos no prego de prescricións técnicas:

Nº de kits de equipamento compostos por 5 tablets e 1 portátil (coas características especificadas na cláusula 4.1.3 do PPT ofertadas a maiores do mínimo.	3
--	---

3.- Nº horas adicionais de titoría ofertadas a maiores das mínimas requiridas no prego de prescricións técnicas(20 horas por concello).

Nº de horas adicionais de titoría ofertadas por concello a maiores das mínimas requiridas	20
---	----



4.- Disposición para os equipos informáticos empregados dalgún tipo de etiquetaxe ecolóxica ou certificado que garanta unha baixa incidencia ambiental, tales como a etiqueta ecolóxica da UE (ECOLABEL), de conformidade co Real Decreto 234/2013 de 5 abril, polo que se establecen normas para a aplicación do Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, relativo á etiqueta ecolóxica da Unión Europea, Angel Azul (Blaue Engel), EPEAT, TCO, ou etiquetaxe ecolóxica, no marco das normas UNE-EN ISO 14024 e UNE-EN ISO 14021 ou equivalentes., ata un máximo 5 puntos.

A empresa dispón e achega a etiqueta para todos os equipos ofertados	SI	<input checked="" type="checkbox"/>
	NON	<input type="checkbox"/>

5.- Organización dun concurso e dotación dun premio a mellor persoa “influencer”.

A empresa comprométese a organización dun concurso á mellor persoa “influencer” dotado cun premio en especie valorado en aprox 250 €	SI	<input checked="" type="checkbox"/>
--	----	-------------------------------------

Empresa 3: Norformación SL

1.- Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	27.000,00 €
IVE (21. %):	5.670,00 €
Importe total ofertado:	32.670,00 €

2.- Equipos ofertados adicionais aos mínimos requeridos no prego de prescripcóns técnicas:

Nº de kits de equipamento compostos por 5 tablets e 1 portatil (coas características especificadas na cláusula 4.1.3 do PPT ofertadas a maiores do mínimo.	3
--	---

3.- Nº horas adicionais de titoría ofertadas a maiores das mínimas requiridas no prego de prescripcóns técnicas(20 horas por concello).

Nº de horas adicionais de titoría ofertadas por concello a maiores das mínimas requiridas	20
---	----

4.- Disposición para os equipos informáticos empregados dalgún tipo de etiquetaxe ecolóxica ou certificado que garanta unha baixa incidencia ambiental, tales como a etiqueta ecolóxica da UE (ECOLABEL), de conformidade co Real Decreto 234/2013 de 5 abril, polo que se establecen normas para a aplicación do Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, relativo á etiqueta ecolóxica da Unión Europea, Angel Azul (Blaue Engel), EPEAT, TCO, ou etiquetaxe ecolóxica, no marco das normas UNE-EN ISO 14024 e UNE-EN ISO 14021 ou equivalentes., ata un máximo 5 puntos.

A empresa dispón e achega a etiqueta para todos os equipos ofertados	SI	<input type="checkbox"/>
--	----	--------------------------



	NON	X
--	-----	---

5.- Organización dun concurso e dotación dun premio a mellor persoa “influencer”.

A empresa comprométese a organización dun concurso á mellor persoa “influencer” dotado cun premio en especie valorado en aprox 250 €	SI	X
--	----	---

LOTE N°2

Empresa: Cinfo Contenidos informativos personalizados SL

1.- Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	75.167,57 €
IVE (..... %):	15.785,19 €
Importe total ofertado:	90.952,76 €

2.-Contidos didácticos audiovisuais ofertados con carácter adicional aos mínimos requiridos no prego de prescripcóns técnicas.

Nº de contidos didácticos audiovisuais ofertados a maiores dos 22 vídeos mínimos requiridos no PPT	3
--	---

3.-. Experiencias audiovisuais xeradas polo alumnado e “Influencers” editados e validados ofertadas con carácter adicional ás mínimas requiridas no PPT.

Nº de experiencias audiovisuais xeradas polo alumnado e “influencers” editados e validados a maiores dos 28 vídeos establecidos como mínimo	4
---	---

4.- Organización dun concurso e dotación dun premio ao mellor contido audiovisual xerado polo alumnado.

A empresa comprométese a organización dun concurso ao mellor contido audiovisual xerado polo alumnado dotado cun premio en especie cun valor aproximado de 250 €	SI	X
	NON	<input type="checkbox"/>

Procédese de seguido a efectuar a valoración dos criterios avaliábeis automaticamente resultando que as ofertas presentadas polas empresas Estudios Rafer SL, Norformación SL e NT for learning SL no lote 1 presentan un valor anormal ou desproporcionado respecto a oferta no seu conxunto. Para dita determinación de conformidade co previsto no prego de cláusulas económico administrativas terase en conta a oferta no seu conxunto establecendo o prego que *“O valor da oferta no seu conxunto a efectos da determinación das ofertas incursas en presunción de anormalidade ou desproporcionalidade será o seguinte:*

Lote N°1



Prezo total ofertado (sen iva) minorado nas seguintes contías:

- No caso de ofertar horas de titorías adicionais: 17,23 € por cada hora adicional ofertada. (Máx 20 h).
- No caso de ofertar equipamento a maiores 900,00 € por cada kit adicional ofertado (Máx 3 kits)
- No caso de ofertar a organización dun concurso dotado cun premio de aproximadamente 250 € a mellor persoa influencer: 250 €.”

Lote N°2

Prezo total ofertado (sen iva) minorado nas seguintes contías:

- No caso de ofertar contidos audiovisuais a maiores: 2.800 € por cada un.(Max 3 contidos)
- No caso de ofertar contido audiovisual xerado polo alumnado e “influencers” editado e validado: 480 € por cada un. (Max 4contidos)
- No caso de ofertar a organización dun concurso dotado cun premio de aprox 250 € a mellora persoa influencer: 250 €.

Dito valor para cada unha das ofertas (do lote 1) é o seguinte:

- Estudios Rafer SL: 25.772,15 € de acordo co seguinte detalle:

-Prezo total ofertado (sen iva): 29.066,75 € , minorado nas seguintes contías:

- Polas horas de titorías adicionais ofertadas :: $17,23 \text{ €} \times 20 \text{ h} = 344,60 \text{ €}$
- Polo equipamento ofertado a maiores: : $3 \text{ kits} \times 900 \text{ €} = 2.700,00 \text{ €}$
- Pola oferta da organización dun concurso dotado cun premio de aproximadamente 250 € a mellora persoa influencer: 250 €.

-NT for learning SL: 24.880,54 € de acordo co seguinte detalle:

-Prezo total ofertado (sen iva): 28.175,14 € , minorado nas seguintes contías:

- Polas horas de titorías adicionais ofertadas :: $17,23 \text{ €} \times 20 \text{ h} = 344,60 \text{ €}$
- Polo equipamento ofertado a maiores: : $3 \text{ kits} \times 900 \text{ €} = 2.700,00 \text{ €}$
- Pola oferta da organización dun concurso dotado cun premio de aproximadamente 250 € a mellor persoa influencer: 250 €

-Norformación SL: 23.705,40 € de acordo co seguinte detalle:

-Prezo total ofertado (sen iva): 27.000,00 € , minorado nas seguintes contías:

- Polas horas de titorías adicionais ofertadas :: $17,23 \text{ €} \times 20 \text{ h} = 344,60 \text{ €}$
- Polo equipamento ofertado a maiores: : $3 \text{ kits} \times 900 \text{ €} = 2.700,00 \text{ €}$
- Pola oferta da organización dun concurso dotado cun premio de aproximadamente 250 € a mellor persoa influencer: 250 €.

Dito valor para a empresa Cinfo Contenidos Informativos Personalizados SL no lote n°2 é de 64.597,57 € de acordo co seguinte detalle:



Prezo total ofertado (sen iva): 75.167,57 € minorado nas seguintes contías:
 -Polos contidos audiovisuais ofertados a maiores: 2.800 € x3= 8.400 €
 -Polo contido audiovisual xerado polo alumnado e “influencers” editado e validado ofertado: 480 x 4 contidos= 1.920,00 €.
 -Polo oferta de organización dun concurso a mellor persoa influencer: 250 €

Tendo en conta ditos valores obsérvase que as ofertas das empresas Estudios Rafer SL, NT for learning SL e Norformación SL presentan un valor anormal ou desproporcionado no referente aos valores ofertados tendo en conta a oferta no seu conxunto polo que se lles solicitou que xustificaran a súa oferta.

As citadas empresas presentaron a xustificación requirida dentro do prazo establecido.

Con data 09/01/2024 a Xefa do Servizo de Cohesión Social emitiu informe con (CSV ZRD04C3YTPKTK7VP) no que se informa o seguinte:

- Respecto as ofertas das empresas Norformación SL e NT for learning SL infórmase que se entenden xustificadas.
- Respecto a oferta da empresa Estudios Rafer SL infórmase que non se xustifica a oferta presentada.

Con respecto ao lote nº2 obsérvase que a oferta presentada pola empresa empresa Cinfo Contenidos Informativos Personalizados SL non presenta un valor anormal ou desproporcionado

En vista a todo o exposto procédese a efectuar a valoración dos criterios avaliados automaticamente das ofertas admitidas sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

Lote 1

Lote Nº1.- Puntuación sobre B criterios automáticos		
Criterios automáticos (Máx 75 puntos)	NT for learning SL	Norformación SL
1. Menor prezo total ofertado sen IVE (máximo 40 puntos).	34,41	40,00
2. Equipos ofertados adicionais (Máximo 15 puntos)	15,00	15,00
3.-Nº horas adicionais de titoría (Máximo 10 puntos)	10,00	10,00
4.-Disposición para os equipos informáticos empregados dalgún tipo de etiquetaxe ecolóxica ou certificado que garanta unha baixa incidencia ambiental (Máximo 5 puntos)	0,00 (*)	0,00
5.-Organización dun concurso e dotación dun premio a mellor persoa “influencer”. (Máximo 5 puntos)	5,00	5,00



TOTAL PUNTUACION Sobre B .- Criterios automáticos (Ata un máx. de 75 puntos)	64,41	70,00
--	-------	-------

(*) Non se valora o criterio referido a disposición para os equipos informáticos empregados dalgún tipo de etiquetaxe ecolóxica ou certificado que garanta unha baixa incidencia ambiental da empresa NT for learning SL ao non achegar a documentación acreditativa requirida da disposición da etiqueta de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas.

Lote 2

Criterios automáticos (Máx 75 puntos)	Cinfo Informativos Personalizados SL	Contenidos SL
1. Menor prezo total ofertado sen IVE (máximo 50 puntos).	25,00	
2. Contidos didácticos audiovisuais ofertados con carácter adicional aos mínimos requiridos (Máximo 12 puntos)	12,00	
3.- Experiencias audiovisuais xeradas polo alumnado e "Influencers" editados e validados a maiores das mínimas (Máximo 8 puntos)	8,00	
4.- Organización dun concurso e dotación dun premio ao mellor contido audiovisual xerado polo alumnado (Máximo 5 puntos)	5,00	
TOTAL PUNTUACION Sobre B .-Criterios automáticos (Ata un máx. de 75 puntos)	50,00	

A Mesa de contratación acorda:

1. Propor ao órgano de contratación a exclusión das ofertas presentadas polas empresas que non alcanzan un mínimo do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas (20,00 puntos), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares, sendo éstas as seguintes:

Lote 1:

- Fundación Cibervoluntarios
- Magnafor Qualitas SL

Lote 2

- Gestión del conocimiento SL
- Dicampus SL



2. Propor ao órgano de contratación a exclusión da oferta presentada pola empresa Estudios Rafer SL ao lote N°1 ao non aceptar a xustificación da baixa temeraria efectuada por dita empresa e aceptar a xustificación das baixas temerarias presentadas polas empresas Norformación SL e Nt for learning SL ao lote nº1 en base ao informe emitido poa Xefa do Servizo de Cohesión Social e xuventude con (CSV ZRD04C3YTPKTK7VP)

3. Aprobar a clasificación das ofertas presentadas e admitidas, sendo ésta a seguinte:

Lote 1

